



PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO 2024/25

Normativa reguladora da admisión de alumnado:

DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG Núm. 212 do 08/11/2022). A disposición na secretaría do Colexio e na web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprabadeira/>

Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-2025.

Resolución do 27 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o artigo 34 da orde do 21 de outubro de 2022.

Admisión:

Conforme co artigo 5.2. da antedita norma, as familias que desexen solicitar praza para o vindeiro curso 2023/24 deberán presentar a solicitude e documentación do **1 ao 20 de marzo (ambos inclusive)**.

A documentación a presentar será a seguinte:

- **Solicitude de admisión – anexo II e anexo II-bis (Documento: ED550B) que poderán presentarse mediante formulario normalizado a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) ou presencialmente no centro docente indicado como primeira opción e, ademáis, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado.**
- **Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. No caso de separación ou divorcio deberán ademáis aportar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor.**
- **Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberán indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio fose inferior a un ano, deberán aportar, ademáis, escritura de compra, contrato de aluguer ou título que lexítima a ocupación da vivenda, e así como os recibos acreditativos do pago de subministrados (auga, luz,...).**
- **Certificado de matrícula, agás alumnos de 2º Ciclo – 1º Curso (4º Infantil – 3 anos) de Educación Infantil**



Postos escolares ofertados:

Conforme co Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, artigo 2 redúcense as ratios máximas por grupo na educación infantil e primaria.

Educación infantil (2ºciclo)			Educación Primaria					
4º curso	5º curso	6º curso	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	5º curso	6º curso
40*	4	9	0	0	0	0	0	0

***4º E.I. DAS QUE 6 SON DA RESERVA REGULADA POLO ARTIGO 3.2 DA ORDE DE 12/03/2013 para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

***1º E.P. DAS QUE 5 SON DA RESERVA REGULADA POLO ARTIGO 3.2 DA ORDE DE 12/03/2013 para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

Nota informativa(artigo 5.2):

1º.- Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado no primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º.- O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita

3º.- En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

Cronograma

Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados: do 21 de marzo ao 5 de abril de 2024

Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: o 25 de abril de 2024

Reclamacións: no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar

Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos: o 15 de maio de 2024

Impugnación: Recurso dealzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación

Prazo para a formalización da matrícula: do 20 de xuño ao 30 de xuño de 2024 (ámbolos dous inclusive)



ACCESO Á INFORMACIÓN

O artigo artigo 5.3 da citada norma establece que poderán consultar a seguinte información na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>):

- 1. Cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula**
- 2. A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións**
- 3. A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.**
- 4. O estado da tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.**
- 5. A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365** (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

Centros adscritos:

Ningún – Para alumnado de 6º de primaria adscrición ao Centro IES “Miraflores”

Servicios complementarios do Centro:

Transporte escolar e comedor xestionado pola Xunta de Galicia

A admisión e a matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicarán respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado, se o tivese.